

PLAN DE CONVIVENCIA

**CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
CAMBRE – A CORUÑA**

Aprobado no Consello Escolar na reunión celebrada o 17 de febreiro do 2020

INDICE

| | |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN..... | 3 |
| 2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA..... | 4 |
| 3. PUNTO DE PARTIDA..... | 4 |
| 4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA..... | 6 |
| 4.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 7 |
| 4.2. PLAN DE ACTUACIÓN..... | 11 |
| 5. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA..... | 14 |
| 6. CONDUCTAS PREXUDICIAIS E AS SÚAS CORRECIÓNS..... | 16 |
| 7. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA..... | 19 |
| 8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA..... | 19 |
| 9. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR..... | 20 |
| 10. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS..... | 23 |
| 11. PLAN DE MEDIACIÓN ESCOLAR..... | 28 |
| 12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO. AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN..... | 31 |

ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

O Equipo Directivo do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade da educación, ten entre as súas competencias a de elaborar e incorporar ao proxecto educativo do Centro (PEC), o Plan de Convivencia que se complementa coas normas de convivencia referidas no documento que recolle as normas de organización e funcionamento do centro.

Este Plan de Convivencia contempla as medidas e iniciativas propostas por toda a comunidade educativa a través dos órganos de participación: claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica, órganos e equipos de coordinación e consello escolar.

As directrices do plan de convivencia basearanse fundamentalmente no tratamento de xeito transversal das relacións e da convivencia, incidindo na prevención das condutas contrarias á convivencia e na prevención de situacións de acoso escolar.

As estratexias preferentes e habituais para o tratamento e resolución dos conflitos que poidan xurdir no ámbito escolar estarán baseadas fundamentalmente no diálogo e a conciliación, e as medidas correctoras que se apliquen deberán cumprir as seguintes características:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

Para o desenvolvemento deste plan teremos en conta ademais o **principio de igualdade** establecido no artigo 1 e 3 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación o cal establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos de oportunidades entre homes e mulleres”.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

- CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Cambre (A Coruña)
- Centro público de educación infantil e primaria
- Contorno do centro: Vila pequena
- Número de alumnado no centro: 464 alumnos e alumnas
- Número de profesorado: 37 mestras/e mestres e 1 orientador/a
- Número de persoal non docente: 10 persoas (catro persoas de cociña, dúas auxiliares coidadoras, unha conserxe, un auxiliar administrativo, dúas persoas de limpeza e un auxiliar de conversa)

Segundo os datos aportados polas propias familias nos cuestionarios de contexto aplicados nos últimos anos co gallo das avaliacións diagnósticas, o contexto sociocultural é medio alto, hai unha moi pequena proporción de alumnado inmigrante e un elevado número de alumnado que presenta necesidades educativas específicas. A distribución do alumnado corresponde coa

seguinte organización do centro:

| EDUCACIÓN INFANTIL | | | EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | |
|--------------------|-------|-------|--------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| UNIDADES | | | UNIDADES | | | | | |
| 4º EI | 5º EI | 6º EI | 1º EP | 2º EP | 3º EP | 4º EP | 5º EP | 6º EP |
| 2U | 2U | 2U | 2U | 2U | 3U | 3U | 3U | 3U |
| 6 U. | | | 16 U. | | | | | |
| TOTAL UNIDADES | | | | | | | | |
| 22 U | | | | | | | | |

2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A elaboración do Plan de Convivencia é competencia da comisión de convivencia, na que están representados todos os sectores da comunidade educativa. A iniciativa parte do equipo directivo en colaboración co Departamento de Orientación e contando coas aportacións dos órganos de participación claustro e consello escolar, así como os órganos de coordinación docente. Esta distribución do traballo obedece ás seguintes premisas.

- Conséguese unha mellor distribución do traballo, de xeito que diferentes equipos elaboren diferentes proxectos.
- Ao Departamento de Orientación pertence o persoal que mellor pode resolver os problemas de convivencia, debido á súa especialidade, ademais de estar a Orientadora do centro e as coordinadoras dos ciclos/ equipos que poden informar ao resto do persoal.
- As reunións semanais do Departamento de orientación permiten axilizar o traballo e chegar a acordos que con outro tipo de xuntanzas, máis alonxadas no tempo, faríano inviable.

Estableceranse as canles necesarias para dar a coñecer a todos os membros da comunidade educativa o Plan de Convivencia unha vez aprobado.

3. PUNTO DE PARTIDA

3.1.-SITUACIÓN DE CONVIVENCIA:

No comezo do curso 2015/2016 distribuíuse entre toda a comunidade educativa a información para a participación de todos os sectores na enquisa sobre a convivencia escolar organizada pola consellería con competencias en educación.

Aínda sen coñecer os resultados da enquisa podemos afirmar que o clima de convivencia no noso colexio é, en xeral, moi bo, tendo en conta todos os ámbitos de convivencia que afectan a toda a comunidade educativa.

Os tipos de conflitos máis comúns prodúcense entre ou co alumnado. Exemplos disto son:

- Condutas disruptivas nas aulas: falar a destempo cos compañeiros e compañeiras, levantarse sen permiso, distracción e falta de atención nas clases, no traer os materiais ou tarefas encargados, ...
- Condutas disruptivas no comedor, ton elevado de voz, condutas de rexeitamento da comida, mal uso do enxoval...

- Faltas de respecto cos iguais: agresións físicas e verbais, sobre todo na hora do recreo.
- Desobediencia nas ordes do persoal docente ou non docente. Incumprimento das normas xerais do centro...
- Conflitos en tempos de xogo libre: recreo, tempo despois de comer...
- Falta de respecto e mal uso das instalacións e materiais do centro.
- Faltas de puntualidade: apenas hai absentismo escolar, pero o problema da puntualidade segue a ser relativamente importante.

Segundo a valoración da situación da convivencia realizada pola comisión de convivencia respecto ao curso pasado, observouse unha diminución no número de incidencias, ningunha das cales foi tipificada de carácter grave. Non se abriu ningún procedemento común nin tampouco de tratamento de absentismo escolar.

En canto á convivencia entre as persoas adultas da comunidade educativa, o ambiente e clima de traballo son cordiais e construtivos entre os membros do claustro, isto inflúe moi positivamente no clima de convivencia xeral do centro.

As relacións coas familias son fluídas e a convivencia en xeral é boa. Danse, esporadicamente, algúns episodios de desacordo entre algunhas familias e o profesorado que se resolven con entrevistas persoais tratando os temas directamente entre as persoas implicadas.

Reclámase a miúdo máis colaboración das familias do alumnado de educación infantil nos momentos da entrada ao comezo da xornada escolar, pídese que colaboren situándose detrás das filas do alumnado para que poidan entrar no edificio das aulas. Esta solicitude ten que repetirse varias veces ao longo do curso porque as familias esquecen a norma e chegan a interromper en moitas ocasións a entrada das filas do alumnado máis cativo.

Por parte do profesorado, exprésase a través do claustro a demanda de máis colaboración e apoio ao labor docente por parte das familias. Tamén se solicita o recoñecemento ao labor de titoría e o respecto da figura do/a mestre/a titor/ á hora de afrontar e resolver os posibles conflitos ou desacordos.

Non se teñen dado casos de violencia en ningunha das súas formas máis aló de pequenos conflitos entre o alumnado que se resolven no momento coa intervención do profesorado.

Partindo desta situación, decidiuse planificar as actuacións conseguintes e facer un Programa de Intervención para a prevención de conflitos e a resolución dos mesmos.

3.2.-ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORES DUNHA CONVIVENCIA DE CALIDADE

A organización do centro e a tendencia das matriculacións permiten grupos en educación infantil que non están ao máximo da rateo, o que facilita a convivencia e contribúe á mellora da calidade educativa.

Nos grupos de educación primaria hai algúns niveis máis masificados, que chegan a 25 alumnos e alumnas por aula.

En canto ás campañas para a mellora da convivencia leváronse a cabo algunhas que renderon resultados moi satisfactorios:

- Campaña “Tratémonos ben”
- Xogos Populares no recreo
- “Mantén limpo o teu cole”
- Programa de Mediación
- Campionatos de brilé e de fútbol nos recreos
- Colaboración co comedor escolar
- Charlas sobre seguridade en internet
- Actividades contra a violencia de xénero

Outras actividades que favorecen e promoven a convivencia son todas aquelas actividades colectivas que se programan desde o equipo de actividades complementarias e extraescolares, do equipo de dinamización da lingua, equipo de biblioteca, do profesorado de música e de educación física, ...para celebrar as distintas conmemoracións e festas nas que participa todo o centro contribuíndo a fomentar no alumnado a idea de pertencer á comunidade educativa do seu colexio así como as relacións entre alumnas e alumnos de distintas idades e mesmo de distintas etapas educativas.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- a. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b. Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

4.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OBXECTIVO 1: DAR A COÑECER A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA AS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Este obxectivo considérase fundamental e imprescindible para o logro do resto de obxectivos de cara a mellorar a convivencia no centro. Para acadalo é necesario establecer os seguintes principios:

- Todo o profesorado e persoal non docente deberá coñecer desde o momento da súa incorporación ao centro o documento no que se recollen as normas de convivencia.
- Este documento será actualizado e avaliado polo consello escolar cando os cambios así o requiran.
- O equipo directivo será o responsable de dar a coñecer as normas do centro ao profesorado e ao persoal non docente.
- O profesorado titor será o responsable de explicar e dar a coñecer estas normas tanto ao seu alumnado como ás familias.

OBXECTIVO 2: MINIMIZAR AS FALTAS DE PUNTUALIDADE E ASISTENCIA

É importante integrar no protocolo de incidencias sobre as condutas contrarias á convivencia no centro, tanto as faltas de asistencia como as faltas de puntualidade.

As faltas de puntualidade son un problema preocupante que o colexio vén recollendo ano tras ano e ao que non se lle consegue dar solución definitiva; polo tanto decidiuse actuar, como parte do Plan de Convivencia, nos seguintes termos:

- Consideración de que a puntualidade é estar nas filas á hora de entrar, en ningún caso máis tarde, exceptuando que sexa unha causa debidamente xustificada.
- Peche de portas de entrada xusto despois de que o alumnado entre nas aulas.
- Rexistro tanto de faltas de asistencia como de puntualidade, por parte do profesorado titor, que as consignará no parte correspondente.
- Comunicación das incidencias ás familias por parte do profesorado titor.
- Se fose o caso iniciárase o procedemento de prevención e tratamento do absentismo escolar.
- Os alumnos e alumnas de educación primaria que cheguen tarde a clase, salvo causa xustificada pola familia, non poderán interromper a sesión lectiva, quedando cun/ha mestre/a de garda ata a seguinte sesión da mañá.

OBXECTIVO 3: MELLORAR DE XEITO XERAL A CONVIVENCIA MINIMIZANDO AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS E CONFLITOS

Á vista da descrición da situación actual, obsérvase que non se dan condutas especialmente negativas dentro do clima de convivencia, aínda que si son mellorables. Por esta razón, e como parte dun programa de prevención de conflitos, decidiuse darlle máis peso desde o Plan de Acción Titorial ao tempo dedicado á titoría en cada grupo de alumnado. Dependendo da etapa educativa, abordarase a acción titorial do seguinte xeito:

- En Educación Infantil, dadas as características deste alumnado, moi pequeno para abstraer situacións e entendelas se non se producen no momento, as normas de convivencia trátanse diariamente como parte das rutinas e hábitos a instaurar dun xeito transversal nas áreas desta etapa.
- En Educación Primaria, dedicárase un tempo a criterio do profesorado titor que, dun xeito transversal nas diferentes materias, tratará de facer reflexionar ao alumnado sobre a convivencia dándolles a coñecer as normas de convivencia recollidas no documento NOFC e aproveitando as situacións cotiás que xurdan nas interaccións no grupo para reflexionar sobre as normas de convivencia.
- Nos niveis 5º e 6º de primaria continuarase formando ao alumnado a través dun programa en mediación de conflitos. Este programa levarase a cabo en coordinación co IES Alfonso X, ao que este colexio está adscrito, de xeito que poidamos manter unha continuación no estilo de convivencia do alumnado.

OBXECTIVO 4: PREVER E TRATAR SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Segundo as directrices do Decreto de Convivencia que desenvolve a Lei de Convivencia e Participación da Comunidade educativa, cómpre establecer medidas para a prevención e tratamento do acoso escolar.

Para este obxectivo recupérase o Plan de Prevención do Acoso Escolar existente ata este momento no centro e axéitase ás circunstancias actuais.

O Protocolo contempla as seguintes actuacións:

1. Realización de campañas de sensibilización do profesorado, nais, pais, tutores e o alumnado contra o acoso escolar. (*Folleto guía "Tratémonos ben"*)
2. Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas de situacións de acoso escolar:
 - Calquera persoa da comunidade educativa que sospeite dunha situación de acoso escolar poñerá en coñecemento do titor, xefe de estudos, orientadora, directora...
 - Reforzar a labor titorial.
 - Garantir a confidencialidade tanto das vítimas como das persoas que dean conta da posible situación de acoso.
 - Informar á familia e ao profesorado sobre a situación e establecer medidas de atención e apoio á vítima.

3. Determinar as medidas para pór fin á situación de acoso:

Reunión do Equipo Directivo co/a titor/a para:

- Designar unha persoa do centro próxima á vítima como responsable para a súa atención.
- Establecemento das medidas de protección á vítima.
- Recollida e análise da información recollida sobre o caso.
- Medidas disciplinarias cautelares para os/as agresores/as.
- Información ás familias.

O xefe de estudos ou persoa en quen delegue cumprimentará o modelo de informe de intervención.

4. Se a situación o require poderase solicitar á Administración Educativa a intervención de mediadores alleos ao centro.
5. Comunicar á Inspección Educativa a situación e as medidas adoptadas para pór fin á mesma.

OBXECTIVO 5: MELLORAR AS CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E A COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES DO CONTORNO

De cara a acadar este obxectivo, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Informarase aos organismos pertinentes de comunicación e participación das familias, Consello escolar e ANPA, da necesidade de que se tomen as medidas necesarias para que chegue a información a todo o mundo.
- A ANPA do centro será informada a través da súa representante no Consello Escolar .
- Procurarase, na medida do posible a mellora da atención ás familias tanto do profesorado sexa ou non titor/a como do equipo directivo e orientadora dentro da posibilidades que permita a organización xeral dos horarios.
- A comunicación coas familias farase efectiva a través das seguintes canles:
 1. Reunións colectivas cos titores/as
 2. Reunións xerais convocadas polo equipo directivo, orientadora, profesorado do ciclo...
 3. Circulares xerais
 4. Notas particulares
 5. Comunicacións a través do teléfono, a través da conta de correo electrónico do centro...
 6. Páxina web do centro
 7. Taboleiros de anuncios
- A colaboración con entidades do contorno terase en conta á hora de programar actividades ofertadas por aquelas entidades que promovan proxectos de mellora da convivencia e de valores de igualdade e solidariedade.

4.2 PLAN DE ACTUACIÓN

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES E TAREFAS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|--|---|---|---|
| <p>Valorar a importancia do respecto entre todos os membros da comunidade.</p> <p>Actuar con respecto con outras persoas</p> <p>Minimizar as faltas de asistencia e puntualidade coa colaboración das familias</p> <p>Procurar a creación dun clima de traballo, esforzo e cooperación.</p> <p>Colaborar con entidades do contorno</p> <p><i>Fomentar o interese pola diversidade cultural e o respecto por outras culturas e costumes.</i></p> | <ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer as normas de organización e funcionamento do centro. • Promover diálogos e debates entre iguais para que expresen os seus gustos, diferenzas, opinións e sentimentos. • Establecer diálogos co alumnado sobre aqueles comportamentos que fomentan o respecto. • Promover, explicar e levar a cabo o Plan de Mediación Escolar. • Actuar de intermediarios na resolución de conflitos. • Diálogo e reflexión co alumnado sobre os seus comportamentos para o fomento do respecto. • Promover o uso de carteis/ murais nas aulas coas normas de convivencia elaborados polo alumnado. • Designar alumnado responsable de manter as normas da clase actualizadas e as quendas na distribución e recollida de materiais de uso escolar. • Lembrar, para establecer hábitos, as normas de comportamento na clase: Respetar a quenda de palabra levantando a man, sentarse axeitadamente, falar en ton baixo.... • Realizar actividades que fomenten a cooperación en grupo e a integración e participación de todo o alumnado. • Explicar aos/ás alumnos/as a importancia do traballo ben feito. Gabar e valorar as accións que supoñan esforzo e cooperación. • Colaborar participando das actividades propostas por entidades do contorno relacionadas coa convivencia. • Participar nas actividades de carácter colectivo organizadas polo centro • Participar nos protocolos de acollida de alumnado inmigrante. | <p>Profesorado titor e resto de profesorado</p> <p>Orientadora</p> <p>Titores/as de 5º e 6º de EP e resto de profesorado</p> <p>Persoal de atención e coidado no comedor</p> <p>Coordinadora do EACE Xefe de estudos</p> <p>Profesorado titor e resto de profesorado</p> <p>Orientadora</p> | <p>Inicio de curso e ao longo do mesmo.</p> <p>1º Trimestre e ao longo do curso</p> <p>Ao longo de todo o curso</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> <p>Memoria anual</p> <p>Valoración das actividades</p> <p>Seguimento e valoración trimestral e memoria anual</p> |

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES E TAREFAS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|--|--|---|---|---|
| <p>Promover a existencia dun clima participativo e responsable.</p> <p>Contribuír ao desenvolvemento da convivencia e dun ambiente de traballo e estudo</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de distintos agrupamentos para fomentar o traballo en equipo. Promover os proxectos e traballos cooperativos. • Incentivar un ambiente de traballo pouco ruidoso. Fomentar a participación activa de todos os alumnos e alumnas nas diferentes actividades dun xeito ordenado e respectuoso. • Elixir de xeito democrático os encargados/as das tarefas comúns da clase. • Insistir nos cambios de clase en silencio para non molestar a outros/as compañeiros/as. • Organizar actividades que favorezan a cooperación entre os alumnos, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. • Acordar entre todos os profesores/as do equipo docente liñas comúns de actuación dentro da aula. • Motivar aos/ás alumnos/as con baixa autoestima para que participen nas actividades colectivas. | <p>Titoras/es e especialistas</p> <p>Equipos de coordinación</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> <p>Actas e memorias dos equipos de coordinación.</p> |
| <p>Prevención de posibles situacións de acoso.</p> <p>Tratamento das posibles situacións de acoso escolar segundo a normativa e o Plan de Convivencia do centro.</p> <p>Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Propoñer diálogos en asemblea. • Observar o comportamento dos nenos e nenas dentro da aula e nos recreos, filas, etc. • Realizar actividades que reforcen afectos no grupo. • Desenvolver a capacidade de empatía. • Fomentar momentos para a comunicación informal profesor-alumno. • Manter unha comunicación fluída coas familias • Promover xogos cooperativos e xogos populares nos tempos de recreo e facilitar neles a participación de todo o alumnado, prestar especial atención ao alumnado con necesidades específicas. • Realizar campañas de prevención. • Solicitar e programar charlas sobre o uso das redes sociais, novas tecnoloxías e seguridade en internet. • Promover a participación de todo o alumnado nas actividades colectivas, nas actividades extraescolares e nas conmemoracións. • Promover a integración e inclusión de todo o alumnado na vida escolar e nas rutinas do centro. • Reforzo positivo ao alumnado cando os seus comportamentos sexan adecuados. | <p>Titores/as e especialistas</p> <p>Orientador/a</p> <p>Equipos de coordinación</p> <p>Comisión de convivencia</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> <p>Trimestral</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> |

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES E TAREFAS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|--|--|---|---|
| <p>Propoñer actividades para o fomento dunha convivencia positiva</p> <p>Programar e realizar actividades de xeito transversal en todas as áreas para o fomento dunha convivencia positiva</p> <p>Programar actividades complementarias e extraescolares que fomenten as interaccións persoais e a convivencia.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Programar actividades, xogos e proxectos cooperativos • Programar o Proxecto anual desde a Biblioteca escolar • Realizar actividades nas que se traballen o respecto e a tolerancia, a axuda aos demais e a colaboración. • Diálogo e reflexión sobre os seus comportamentos para o fomento do respecto. • Dramatizacións de situacións nas que se deban pedir as cousas por favor, dar as grazas, etc. • Comunicación coas familias. • Ensinar as normas da clase aos alumnos e alumnas, e chegar a un consenso decidindo as actuacións a seguir cando alguén non cumpra esas normas. • Chegar a acordos sobre as consecuencias dun comportamento. | <p>Titores/as e especialistas</p> <p>Orientador/a</p> <p>Responsable da Biblioteca</p> <p>Equipos de coordinación</p> <p>Comisión de convivencia</p> | <p>Todo o curso</p> <p>Trimestral</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> |
| <p>Traballar conxuntamente coas familias</p> <p>Concienciar ás familias da súa corresponsabilidade no mantemento da convivencia no centro como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Fixar aspectos comúns para tratar nas reunións coas familias. • Reunións e titorías para unificar criterios e traballar os mesmos valores. • Pedir colaboración e participación ás familias para as actividades do día da Paz, Nadal, Entroido, etc. • Manter unha comunicación fluída coas familias | <p>Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)</p> <p>Profesorado titor</p> <p>Equipos de coordinación</p> <p>Comisión de convivencia</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> <p>Trimestral</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da CCP</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> <p>Memoria anual</p> |
| <p>Utilizar medidas correctoras formativas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer as normas de convivencia, de organización e funcionamento do centro a todo o alumnado. • Consensuar as normas de convivencia da aula e as actuacións a seguir no caso de incumprimento das mesmas. • Chegar a acordos sobre as consecuencias dun comportamento. | <p>Profesorado titor e resto de profesorado</p> <p>Equipos de coordinación</p> <p>Orientador/a</p> <p>Comisión de convivencia</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> |
| <p>Realizar actividades que fomenten aspectos concretos da convivencia e habilidades sociais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Programar dramatizacións onde se escenifiquen diferentes sentimentos. • Realizar actividades para favorecer as boas formas, o bo trato, as relacións e interaccións no grupo • Campañas de sensibilización sobre diferentes aspectos da convivencia | <p>Profesorado titor e resto de profesorado</p> <p>Orientador/a</p> <p>Equipo directivo e responsable de comedor</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> | <p>Memorias dos equipos de coordinación</p> |
| <p>Fomentar o coidado dos materiais e instalacións.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Compartir e coidar o material • Diálogos sobre a importancia de coidar e recoller o material. • Facerlles responsables do coidado do seu propio material • Promover campañas para manter en bo estado de coidado e limpeza as aulas e instalacións do centro. | <p>Profesorado titor e resto de profesorado</p> <p>Orientador/a</p> | <p>Ao longo de todo o curso</p> | <p>Revisión trimestral da situación de convivencia</p> <p>Actas da comisión de convivencia</p> |

5.- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.1.-DEREITOS E DEBERES DAS NAIS, PAIS, TITORES, TITORAS

| DEREITOS | DEBERES |
|--|---|
| <p><i>As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:</i></p> | <p><i>Como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:</i></p> |
| <p>a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.</p> <p>b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.</p> <p>c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.</p> <p>d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.</p> <p>e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.</p> | <p>a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.</p> <p>b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.</p> <p>c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.</p> <p>d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.</p> |

5.2.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

| DEREITOS | DEBERES |
|--|---|
| <p><i>Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:</i></p> | <p><i>Son deberes básicos de convivencia do alumnado:</i></p> |
| <p>a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.</p> <p>b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.</p> <p>c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.</p> <p>d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.</p> <p>e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.</p> | <p>a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.</p> <p>b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.</p> <p>c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.</p> <p>d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.</p> <p>e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.</p> <p>f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.</p> <p>g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.</p> <p>h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.</p> |

5.3.- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

| DEREITOS | DEBERES |
|---|---|
| <p>Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:</p> <p>a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</p> <p>b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.</p> <p>c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.</p> <p>d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.</p> <p>e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.</p> <p>f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.</p> <p>g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.</p> | <p>Son deberes do profesorado:</p> <p>a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.</p> <p>c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</p> <p>d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.</p> <p>e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</p> |

5.4.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE

| DEREITOS | DEBERES |
|--|---|
| <p>Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:</p> <p>a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</p> <p>b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.</p> <p>c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.</p> <p>d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.</p> <p>e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.</p> | <p>Son deberes do persoal de administración e servizos:</p> <p>a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</p> <p>c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</p> <p>d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.</p> |

6.- CONDUCTAS PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR E A SÚAS CORRECCIÓNS

6.1 CONDUCTAS GRAVES: TIPIFICACIÓN E TRATAMENTO

| CONDUTAS GRAVES PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA | SANCIONES CORRECTORAS |
|--|--|
| <p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> <p>h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar</p> <p>i) As actuacións gravemente prejudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p> <p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p> <p>*As condutas graves prescriben aos catro meses</p> | <p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>f) Cambio de centro.</p> <p><u>*As medidas correctoras das alíneas a), b), c), d) e f) serán impostas logo da resolución de procedemento corrector pola dirección do centro a proposta da persoa nomeada instrutora do procedemento.</u></p> |

6.2.-PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DE CONDUCTAS GRAVES

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

| PROCEDEMENTO CONCILIADO | PROCEDEMENTO COMÚN |
|--|---|
| <p>Pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.</p> <p>Requisitos:</p> <p>a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.</p> <p>b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento</p> <p>Procedemento: Inicia a dirección do centro Comunicación á familia: prazo 3 días lectivos Ofréceselle a posibilidade de procedemento conciliado Deben aceptar por escrito: prazo 1 día lectivo desde a comunicación. A dirección designa a persoa instrutora e convócaa a unha reunión coas persoas afectadas: prazo 1 día. As persoas afectadas acordan a medida correctora, quedando constancia do acordo coa ratificación da dirección.</p> <p><u>A resolución comunícase á familia nun prazo máximo de 12 días</u> desde o coñecemento dos feitos. Comunícase tamén á inspección educativa.</p> | <p>Utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.</p> <p>Procedemento: A dirección designa unha persoa instrutora do procedemento. <u>Prazo para a instrución: 5 días lectivos</u> Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, <u>Prazo para a comparecencia: 3 días lectivos</u> contados a partir da recepción da citación. Poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.</p> <p><u>Prazo para a notificación da resolución: 1 día lectivo</u> a partir da recepción da proposta da persoa instrutora A dirección do centro notificaralle por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais do/a alumno/a a resolución adoptada e remitíraa á xefatura territorial.</p> <p><u>Prazo para solicitar a revisión polo consello escolar: 2 días lectivos</u> desde a notificación da resolución.</p> |

Artigo 35 do decreto 8/2015. *Reparación de danos causados*

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

Artigo 37.6 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

6.3.-CRITERIOS PARA A DESIGNACIÓN DA PERSOA INSTRUTORA

A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

A designación farase segundo os seguintes criterios xerais:

- Ter destino definitivo no centro ou levar máis de dous cursos consecutivos no mesmo.
- Ter formación e/ou experiencia en convivencia escolar.

6.4 CONDUTAS LEVES: TIPIFICACIÓN E TRATAMENTO

| CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | SANCIÓN CORRECTORAS |
|--|---|
| <p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.</p> <p>c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro (10% de faltas no trimestre)</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.</p> <p>*As condutas leves prescriben ao mes.</p> | <p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. <u>As medidas das alíneas a), b) e c) serán impostas polo profesorado do alumno/a, oído este e dando conta ao xefe de estudos.</u></p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. <u>A medida da alínea d) será imposta polo titor/a do alumno/a, oído este e dando conta ao xefe de estudos.</u></p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. <u>As medidas das alíneas a), c), d), e) e f) serán impostas polo xefe de estudos ou pola dirección do centro oídos o alumno/a e o profesor/a ou o titor/a.</u></p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. <u>*As medidas das alíneas g) e h) serán impostas pola dirección do centro oídos o profesor/a ou titor/a e serán comunicadas á familia antes de seren adoptadas.</u></p> |

7.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Artigo 6 do Decreto 8/2015. *A comisión de convivencia*

A comisión de convivencia do centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

7.1 CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia está constituída polos seguintes membros:

- Director/a: Mónica Rodríguez Longueira.
- Xefe/a de estudos: Rocío Gasalla Díaz.
- 2 Mestres/as: Teresa Morente Bellón e María Dolores Morandeira Fernández.
- Orientador/a do centro: Carmen Ventura Pedrido Rey.
- 2 Pais/nais/ representantes legais do alumnado: Luis Manuel Carril García e Patricia Muñiz Núñez.
- 1 representante do personal non docente: Nicolás López Rodríguez.

7.2 FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia reunirse trimestralmente e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

- **1º trimestre:** Constitución da comisión de convivencia. Designación da persoa que actuará como secretaria. Elaboración/ Revisión do Plan de convivencia. Propostas de concreción do Plan de convivencia para o curso.
- **2º trimestre:** Seguimento das actuacións e programas do curso. Seguimento da situación da convivencia no centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución.
- **3º trimestre:** Seguimento das actuacións e programas do curso. Seguimento da situación da convivencia no centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución. Elaboración do informe-memoria anual con propostas para o curso seguinte.

8.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

- O equipo directivo será o responsable de dar a coñecer as normas do centro e o Plan de Convivencia ao profesorado e ao persoal non docente.
- O profesorado tutor será o responsable de explicar e dar a coñecer estes documentos tanto ao seu alumnado como ás familias.
- Unha vez rematada a elaboración destes documentos poranse a disposición das familias na secretaría do centro.
- Procurarase a difusión dos documentos aprobados a través da páxina web do colexio.

9.-PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou e difundiu o Protocolo xeral de Prevención, Detección e Tratamento do acoso escolar e Ciberacoso en maio de 2013 e outubro de 2015 que define estes conceptos e as etapas ou fases a seguir en caso de que se dea algunha destas situacións no ámbito do colexio.

En primeiro lugar hai que partir dun diagnóstico da situación da convivencia escolar nos centros educativos para establecer unas estratexias de prevención tanto no centro como na aula.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente:

1. A existencia de intención de facer dano.
2. A repetición das condutas agresivas.
3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

9.1.OBXECTIVOS DO PLAN DE ACOSO ESCOLAR.

1. Sensibilizar ao alumnado sobre aspectos relativos á convivencia.
2. Coñecer a realidade do centro en materia de convivencia.
3. Incorporar ao documento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro o protocolo de actuación ante unha solicitude de intervención no suposto de acoso entre iguais.

9.2. CONTIDOS DO PLAN DE ACOSO ESCOLAR.

1. Sensibilización
 - 1.1. Folleto-Guía: Tratémonos ben.
2. Coñecemento da realidade do centro en materia de convivencia.
 - 2.1. Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

9.3. CARACTERÍSTICAS E TIPOS DE ACOSO ESCOLAR.

9.3.1. Características do acoso

Un alumno ou alumna convértese en vítima cando está exposto, de forma repetida e durante un tempo, a accións negativas que se manifestan mediante diferentes formas de acoso ou fustrigación cometidas no seu ámbito escolar, levadas a cabo por outro alumno ou alumna ou varios deles, quedando nunha situación de inferioridade respecto ao agresor ou agresores. É importante non confundir este fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado ou outras manifestacións violentas que non supoñen inferioridade dun dos participantes no suceso.

O acoso escolar presenta as características que se inclúen a continuación:

- **Desequilibrio de poder:** Prodúcese unha desigualdade de poder físico, psicolóxico e social que xera un desequilibrio de forzas nas relacións interpersoais.
- **Intencionalidade/repetición:** A intencionalidade exprésase nunha acción agresiva que se repite no tempo e que xera na vítima a expectativa de ser branco de futuros ataques.
- **Indefensión/Personalización:** O obxectivo dos malos tratos adoita ser normalmente un só alumno ou alumna, que é colocado deste xeito nunha situación de indefensión.

O acoso adoita ter, ademais, un compoñente colectivo ou grupal, xa que normalmente non existe un só agresor senón varios e porque a situación adoita ser coñecida por outros compañeiros ou compañeiras, observadores pasivos que non contribúen suficientemente para que cese a agresión.

O CIBERACOSO son aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). É o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública. Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, este, so ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñen conexión coa vida escolar.

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar anteriormente mencionado, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas de ciberacoso.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

9.3.2. Tipos de malos tratos entre iguais

A agresión pode adoptar distintas manifestacións:

- . Exclusión e marxinação social
- . Agresión verbal
- . Agresión física indirecta
- . Agresión física directa
- . Intimidación/Ameaza/chantaxe
- . Acoso ou abuso sexual

9.4- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

a) Identificación da situación

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obrigación de polo en coñecemento dun profesor ou profesora, do titor ou titora, da persoa responsable da orientación no centro ou do Equipo Directivo, segundo o caso. En calquera caso, o receptor da información sempre informará ao Equipo Directivo.

b) Actuacións inmediatas

Cando nun alumno ou alumna se atopen indicadores que poidan reflectir algunha sospeita ou evidencia de acoso escolar, establecerase a seguinte actuación:

1.- Reunión do equipo directivo, titor ou titora e responsable da orientación no centro, para **analizar e valorar** a intervención necesaria.

2.- En caso de estimarse necesario, terán que adoptar as **medidas provisionais de urxencia** que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións:

- o **Medidas que garantan a inmediata seguridade do alumno ou alumna agredida** (entrevista co alumno ou alumna e a súa familia, incremento de medidas de vixilancia, intervención de mediadores)
- o **Medidas cautelares dirixidas ao alumnado agresor** (entrevista co alumno ou alumna e a súa familia, petición de desculpas de forma oral e/ou por escrito)

3.- Se a demanda non procede da familia, previo coñecemento do equipo directivo, coa debida cautela e mediante entrevista, porase o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, achegando información sobre a situación e sobre as medidas que se estean adoptando.

4.- Comunicarase, igualmente ao equipo de profesores e profesoras do alumnado e outro profesorado relacionado. Se se estima oportuno comunicarase tamén ao resto do persoal do centro e a outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais en función da valoración inicial).

c) Recollida de información de distintas fontes

1.- Recompilar a documentación existente sobre os afectados.

2.- Observación sistemática dos indicadores sinalados: espazos comúns do centro, na clase, nas actividades complementarias e extraescolares.

3.- Completar a información mediante entrevistas e/ou outros procedementos.

O Equipo Directivo, o responsable da orientación no centro e o titor ou titora solicitarán a información necesaria das fontes que se relacionan a continuación, recollendo por escrito os datos obtidos.

- Alumnado agredido.
- Familia.
- Titor ou titora e profesorado de aula.
- Compañeiros e compañeiras relacionados coa persoa agredida/agresora.
- Outros: (no caso de consideralo necesario)
 - Persoas relacionadas co Centro (coidadores de comedor, acompañantes de autobús, monitores de actividades extraescolares, ...)
 - Personas dependentes doutras Institucións (monitores, Servicios Sociais, etc.)

4.- Triangular a información recibida

Trátase de buscar puntos de encontro, coincidencias, confluencias e as diverxencias entre as diversas fontes de información. A partir de toda a información obtida, o Director ou directora tratará de establecer se hai indicios de acoso escolar así como o tipo e a gravidade do mesmo.

5.- Pór en coñecemento da Inspección de Educación.

9.5. PLAN DE INTERVENCIÓN

Como medidas orientadoras propónse:

- Actuacións coa persoa acosada: actuacións de apoio e protección expresa e indirecta, programas e estratexias de atención e apoio social, personalización do ensino, derivación e seguimento en servizos sociais da Consellería competente en materia de protección de menores, se procede, etc.

- Actuacións co alumnado agresor: Aplicación de correccións, programas e estratexias específicas de modificación de conduta e axuda persoal, derivación e seguimento en servizos sociais da Consellería competente en materia de protección de menores, se procede, etc.

- Actuacións cos compañeiros e compañeiras observadores: Campañas de sensibilización, programas de habilidades de comunicación e empatía, programas de apoio e/ou mediación entre compañeiros, etc.

- Actuacións coas familias: orientacións sobre como axudar aos seus fillos ou fillas, sexan vítimas ou agresores, coordinación para unha maior comunicación sobre o proceso socioeducativo dos seus fillos ou fillas, información sobre posibles apoios externos e seguimento dos mesmos, etc.

- Actuacións co profesorado: orientacións sobre como manexar as clases durante o proceso e como facer o seguimento, orientacións sobre indicadores de detección e intervención, programas de mediación, etc.

- Pór en coñecemento das familias implicadas as medidas e programas propostos.

Hai que informar ás familias do alumnado implicado das medidas de carácter individual adoptadas cos alumnos ou alumnas afectados, así como as medidas de carácter organizativo e preventivo propostas para o grupo/s, nivel e/ou Centro Educativo, facendo fincapé, en todo momento, da absoluta confidencialidade no tratamento do caso.

9.6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.

A Dirección do centro responsabilizarase de que leven a cabo as reunións e as medidas previstas informando periodicamente ás familias e ao Inspector ou inspectora de referencia, do grao do cumprimento das mesmas e da situación escolar do alumnado implicado.

10. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Os seres humanos somos por natureza seres sociais. Nos desenvolvemos en ambientes onde as interaccións sociais forman parte da nosa vida. Por isto é importante dispoñer dun repertorio de condutas socialmente aceptadas para as distintas situacións que se nos poidan presentar.

QUE SON?

Caballo (1986), define as habilidades sociais como "o conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersonal que expresa os seus sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dun modo adecuado a situación, respectando esas conductas nos demais e que, xeralmente resolven os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidade de futuros problemas" (citado en Caballo, 1993, p. 6).

PARA QUE?

Para que rapaces e rapazas saiban convivir positivamente aprendendo as habilidades, emocións, valores, actitudes e recursos para vivir cos demais.

Segundo Monjas (2011) "A convivencia non pode ser só a ausencia de conflitos senón o establecemento, mantemento e desenvolvemento de vínculos interpersoais positivos e saudables e o logro de estratexias pacíficas de afrontamento e solución de dificultades interpersoais".

PODENSE APRENDER?

Kelly (1982), define as HHSS como “o conxunto de condutas identificables, aprendidas, que empregan os individuos nas situacións interpersoais para obter o manter o reforzamento do seu ambiente” (citado en Caballo, 1993, p. 6).

Este conxunto de condutas pódense aprender. De feito todos os alumnos/as chegan xa a escola cun repertorio de condutas que aprenden no seo familiar. Esta aprendizaxe continúa na escola, lugar onde os nenos se relacionan cos seus iguais e con outros adultos de referencia.

COMO AS APRENDEMOS?

Para Bandura (teoría da aprendizaxe social) os nenos/as empezan a idades moi temperás a identificar cales son aquelas condutas socialmente aceptadas (Bandura, 1987) e o fan mediante tres mecanismos: a observación, o modelado o posterior feedback recibido. Nun primeiro momento, o modelado dos pais ou das persoas de referencia para o neno/a é moi importante, pero posteriormente, o modelado e a interacción cos iguais, adquire una maior relevancia no seu proceso de socialización.

No contexto da aula podemos utilizar as seguintes estratexias para traballar as HHSS:

◆ Modelado ou aprendizaxe por imitación.

○ *Aprendizaxe por observación*, segundo o cal aprendese unha conduta porque se observa nos demais.

○ *Aprendizaxe por reforzo ou enfraquecemento dunha conduta.*

A propia conduta pode reforzarse ou debilitarse debido á observación da conduta doutros nenos/as, sendo premiados o castigados.

○ *Facilitación de condutas*, e dicir desenvolver condutas previamente aprendidas e que xa se atopan no repertorio de comportamento do neno e son recibidas de forma positiva polos demais.

◆ Xogos de roles. Trátase de recrear unha situación na que a persoa debe actuar e comportarse dunha determinada maneira.

◆ Feedback sobre a conduta: proporcionarlle ao neno/a información sobre como realizou unha conduta que está a aprender. Este feedback pode facerse con reforzos sociais ou recompensas materiais.

◆ Adestramento na xeneralización da conduta. A aprendizaxe que se da na aula debe xeneralizarse a outros contextos e poñerse en práctica con persoas diferentes.

A práctica reiterada de situacións nas que se presenta unha habilidade social é o procedemento metodolóxico máis eficaz para acadar a súa aprendizaxe. Por iso no programa de HHSS e emocionais de Vallés Arándiga e outros (2013) propónse o seguimento dunha secuencia didáctica cos seguintes pasos:

1.- Presentación da habilidade social ou emocional. O profesor explica en que consiste a habilidade, xustificará a súa importancia e a súa necesidade para mellorar as relacións cos demais, así como as consecuencias positivas que a súa aprendizaxe pode aportar.

2.- Instrucións para a aprendizaxe. O profesor dará as instrucións a uns alumnos para que aprendan a executar a habilidade a estudar, por ex. se é a habilidade de empatizar, pois mirar a cara, expresar o mesmo estado de ánimo, escoitar con atención...

3.- Modelado. Pode escenificarse un primeiro role play no que pode intervir o profesor e que sirva como modelo a imitar.

4.- Role play ou ensaio de conduta. Asígnanse os roles aos alumnos e dramatizan a escena. Posteriormente cámbianse os papeís.

5.- Retroatimentación.Reforzamento. Proporcionábase información aos alumnos sobre como desenvolveron a habilidade.

6.- Tarefas para a xeneralización. Propóñense tarefas para desenvolver a habilidade en outras situacións e con outras persoas.

11.1.OBXECTIVOS.

- ✓ Promover nos nosos/as alumnos/as o desenvolvemento de habilidades de comunicación: escoita activa, expresión de sentimentos e asertividade.
- ✓ Favorecer o desenvolvemento de actitudes de diálogo e cooperación dentro do grupo.
- ✓ Desenvolver relacións positivas e gratificantes cos iguais que posibiliten ter amigos e amigas.
- ✓ Desenvolver actitudes de aceptación e tolerancia cara un mesmo e cara aos demais.
- ✓ Favorecer a distinción entre a propia imaxe e a que se recibe de nós.
- ✓ Brindar aos nenos e nenas instrumentos prácticos para resolver conflitos nas súas relacións cos demais.

| | HABILIDADES | ACTIVIDADES |
|--|---------------------------------|---|
| HABILIDADES BÁSICAS CONVERSACIONAIS E DE RELACIÓN | Escoitar. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Mira a persoa que te está a falar a cara. *Amosa interese na conversa asentindo coa cabeza. *Mantén unha postura relaxada. *Alégrate con el se está alegre e serio se está triste. *Comenta o que pensas. |
| | Iniciar e manter unha conversa. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Saudar con educación. *Preguntar ou comentar algo sobre un tema común. *Escoitar o que outro di. *Preguntar dúbidas e opinar. |
| | Formular unha pregunta. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Pensa un pouco cal é a túa dúbida. *Pensa quen te pode responder. *Como a facemos?. Se amable, elixe un bo momento e lugar, non interrompas se está a falar e modula a túa voz. |
| | Dar as grazas. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Pensa en todo o que recibes dos demais. *Elixo un momento axeitado. *Da as grazas nun ton de amizade. *Utiliza o nome da persoa. |
| | Pedir axuda. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Pensa cal é o teu problema. *Que ou quen o ocasiona. Cales son os seus efectos e consecuencias. *Podes solucionalo ti mesmo?. Se non, pide axuda. *Decide cal é a persoa máis adecuada. *Como a pides: con educación, explicando os motivos e asegurándote de que a persoa sabe por que precisas axuda. |

| | | |
|---|---|--|
| | Participar nunha actividade xa iniciada | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Pensa primeiro se te interesa. *Elixe o mellor momento e forma de xuntarte cos demais. Espera un descanso, preséntate, pregunta se podes participar... *Participa de forma activa. |
| | Pedir desculpas | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Se consciente de cal foi o teu erro. *Pensa a quen lle ocasionaches unha molestia. *Pensa como vas a desculparte. *Escolle o momento adecuado. O mellor e xusto despois de ter molestado a alguén. *Ofrécete para resolver o problema que ocasionaches, preguntando se podes facer algo por ela ou por el. |
| | Seguir instrucións | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Escoita con atención. *Pregunta o que non entendes. *Decide se queres ou non facelo. *Se queres seguir coa tarefa, repítete as instrucións para ti mesmo e así non te olvidarás. |
| HABILIDADES PARA EXPRESAR SENTIMENTOS EMOCIÓN E OPINIÓNS | Formular queixas | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Analizar unha conversa onde se formula unha queixa sobre algo que nos molesta ou enfada. Aprendemos a formular a queixa de forma correcta e educada. *Realizar dramatizacións onde se formula unha queixa sobre algo que fixemos ou dixemos. Aprendemos a pedir perdón e procuraremos non volver a facelo. |
| | Aceptar e rexeitar críticas. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Simular distintas situacións nas que recibimos críticas xustas ou inxustas. -Aprendemos que cando alguén nos critique por algo que fixemos mal, non nos enfadaremos e daremos as grazas por facernos comprender o noso erro. -Aprendemos que cando alguén nos critique por algo que non fixemos, direillo tranquilamente e explicarei a situación. |
| | Aprender a dicir non. | -Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos. *Analizamos unha situación na que teñamos que rexeitar unha petición. *Dramatizamos diversas situacións da vida cotiá onde temos dicir que non ou nos din que non. -Aprendemos a dicir non dando unha explicación amable e que non ofenda aos demais. -Aprendemos a aceptar un non dos demais sen ofendernos e respectando a súa decisión. |
| | Expresar emocións | *Observamos ilustracións con caras de persoas alegres, tristes ou enfadadas. Analizamos en nós mesmos cando expresamos esas emocións. -Aprendemos a expresar e recoñecer distintas emocións. |
| HABILIDADES DE AUTOESTIMA E AUTOCONCEPTO | Autoestima e Autoconcepto | ACTIVIDADES PARA NENOS/AS. *«Algo sobre mi»: completar unhas frases dadas con contidos de autoestima. * «Cousas que me gustan de min» * Son xenial por que... *Xogo do sobre. Escribe tres defectos, pásase o sobre aos compañeiros e eles escriben calidades positivas. ACTIVIDADES PARA ADOLESCENTES. *Lista de afirmacións. |

| | | |
|--|------------------------|--|
| | | <p>*Práctica de autoceptación. Compararse consigo mesmo.</p> <p>*Pasos cara a confianza</p> |
| HABILIDADES PARA A SOLUCIÓN DE CONFLICTOS | Evitar pelexas | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Detente a pensar por que queres pelexar.</p> <p>*Pensa nas consecuencias. Sentiraste mal, enfurecido, enfadado... e non solucionarás o problema.</p> <p>*Busca outra forma de expresa o que queres.</p> <p>*Elix a mellor forma de resolver a situación e lévaa a práctica.</p> |
| | Empregar o autocontrol | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Identifica situacións desagradables para ti.</p> <p>*Concéntrate nas túas sensacións internas(estás enfadado/a, acalorado/a, en tensión...) para saber si podes perder o control.</p> <p>*Pensa en estratexias para non perder o control. Podes contar ata 10, respirar profundamente e lentamente... Despois de tranquilizarte podes decidir.</p> <p>*Escolle a mellor forma de controlarte e lvao a practica (por ex. marchar, cambiar o tema da conversación...).</p> |
| | Responder as bromas | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Decide se teñen intención de molestarte cando che fan bromas, murmuran...</p> <p>*Pensa formas de solucionalo.(Acéptao con simpatía, humor fronte a humor,fai un chiste, ignórao).</p> <p>*Eliximos a mellor forma de levalo a práctica evitando alternativas que que impliquen violencia e comentarios maliciosos.</p> |
| | Negociar | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Estás a falar con outra persoa e tedes diferentes opinións.</p> <p>*Dille á outra persoa o que pensas. Intenta non poñerte nervioso/a.</p> <p>*Pregunta que pensa sobre a túa opinión.</p> <p>*Escoita a súa resposta e intenta poñerte no seu lugar.</p> <p>*Suxire un compromiso que teña en conta a túa opinión e a da outra persoa.</p> |
| | Axudar aos demais | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Ver se nos están pedindo axuda ou pensamos que a precisa.</p> <p>*Pensa en como axudarlle no que precisa.</p> <p>*Pregunta á outra persoa se necesita ou quere axuda.</p> |
| | Compartir algo | <p>-Lemos e observamos unhas viñetas explicativas. Reflexionamos e comentamos.</p> <p>*Un compañeiro pídeche compartir algo. Decide se podes compartilo.</p> <p>*Ofrece o que decides compartir dun modo directo e amable. Que non queden dúbidas.</p> <p>*Observa como se senten os demais e ti mesmo cando compartes algo.</p> <p>* Se non podes compartilo, explícao de forma amable.</p> |

11. PLAN DE MEDIACIÓN ESCOLAR.

Este proxecto nace da inquietude por mellorar a convivencia no centro e por potenciar o desenvolvemento de novos recursos ou procedementos que poidan contribuír a resolver os conflitos cotiáns de convivencia a través do manexo dun estilo de cooperación, de diálogo, de respecto e sensibilidade polo outro. A idea do proxecto propónse dende un punto de vista preventivo e proactivo, xerando un instrumento útil para favorecer a comunicación e a interacción entre o

alumnado, a toma de decisións, habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos.

No noso caso, a mediación consistirá na resolución cooperativa dos conflitos nos que o acordo e a negociación serán os principios a seguir polos alumnos e alumnas que formen parte do equipo de mediación.

A mediación trata de resolver conflitos mediante a intervención dunha terceira figura, voluntaria e aceptada polas partes implicadas, que non enxuiza nin opina, tan só organiza o discurso das partes e axuda a enfocalas cara un acordo consensuado.

A mediación, en definitiva, é unha ferramenta idónea para mellorar a convivencia na escola xa que permite o adestramento en resolución pacífica de conflitos, propicia o diálogo como primeira opción, mellora a empatía, facilita as relacións entre iguais e fan que estas se establezan de forma positiva polo que se considera que un bo proxecto a levar a cabo no noso centro.

11.1.OBXECTIVOS DO EQUIPO DE MEDIACIÓN

Os obxectivos da Mediación escolar son:

- Dar a coñecer ao alumnado a mediación como ferramenta para a resolución de conflitos.
- Contribuír á mellora do clima de convivencia no centro.
- Sensibilizar sobre o uso de estratexias dialogantes.
- Promover a solución pacífica de conflitos.
- Promover a responsabilidade ante os conflitos.
- Desenvolver a capacidade de resolución de conflitos de forma non violenta.
- Axudar a recoñecer e valorar os sentimentos, intereses, necesidades e valores propios e dos outros.
- Favorecer a autorregulación a través da procura de solucións autónomas e negociadas

11.2.EQUIPO DE MEDIACIÓN

11.2.1.COMPOSICIÓN DO EQUIPO

O equipo de mediación estará composto por alumnado de 6º e 5º de primaria. Hai que ter en conta que os mediadores e mediadoras debe ser alumnado voluntario e, se non se presentase ninguén, non se levaría a cabo.

As titoras facilitarán á orientadora unha lista do alumnado que, baixo o seu criterio, amose unhas características óptimas para o desempeño da tarefa; sen embargo, a orientadora acudirá ás aulas a solicitar voluntarios aos cales emprazará para as primeiras reunións e dos cales sairá o equipo final.

Algunhas das cualidades que debe ter o alumno ou alumna que quere formar parte do equipo son:

- Capacidade para manterse neutral independentemente das persoas en conflito.
- Ser quen de non facer xuízos de valor nin opinar sobre o sucedido.
- Ter unha boa capacidade de escoita activa e empatía.
- Ser quen de crear un clima de tranquilidade e confianza.
- Ser paciente.
- Antepoñer a responsabilidade da tarefa aos intereses propios.

11.2.2.FUNCIÓN

- Atender ao alumnado que o soliciten.
- Derivar á orientadora ou á dirección do centro aqueles casos que superan as competencias do equipo de mediación.
- Axudar ás partes a identificar o problema.
- Guiar o proceso de mediación e acordo.
- Manter a tranquilidade das partes implicadas durante o proceso.
- Rexistrar as sesións de mediación.
- Asegurar o anonimato no procedemento.
- Mellorar a comunicación entre as partes.

11.2.3.IDENTIFICACIÓN

O equipo de mediación dividirase en pequenos grupos que terán “quendas de garda” nos tempos de recreo, durante as cales irán identificados con petos fluorescentes.

11.3.CRONOGRAMA

O proxecto consta de tres fases fundamentalmente:

a. Preparación: Durante esta fase, o alumnado recibirá entre dúas e tres sesións teóricas e prácticas sobre a mediación de conflitos e constituirase o equipo de mediación co alumnado voluntario seleccionado.

b. Implementación: O equipo de mediación darase a coñecer polas aulas da escola e levará a cabo as distintas sesións de mediación cando sexa requirido. Ademais, tamén participara nas xornadas de final de curso de preparación do alumnado para o equipo de mediación do ano seguinte.

c. Avaliación: O equipo de mediación deberá valorar a súa función como mediadores, a consecución de obxectivos e propoñer melloras de cara o vindeiro curso.

As distintas fases, divídense en distintas actividades como se pode observar na seguinte táboa:

| CANDO? | ONDE? | QUE? | QUEN? |
|--|-----------------------------|--|--------------------------------|
| 1ª semana de xaneiro* | Biblioteca | Presentación dos participantes e introducción ao concepto da mediación Afondamento na comprensión teórica e práctica da mediación escolar | Orientadora e alumnado |
| 2ª semana de xaneiro* | Aulas do centro | Presentación dos mediadores nas aulas da escola | Orientadora e alumnado |
| Dende a 3ª semana de xaneiro á derradeira de curso | Departamento de orientación | Sesións de mediación. | Mediadores e partes implicadas |
| Reunión na derradeira semana trimestral | Departamento de Orientación | Valoración das actuacións levadas a cabo | Orientadora e mediadores. |
| 1ª semana de xuño | Aulas de 4º de primaria | Difusión das actuacións do equipo de mediación | Orientadora e mediadores. |

As distintas sesións aquí sinaladas terán lugar no tempo de recreo, de 12 a 12.30 da mañá podéndose estender ata as 13 horas de ser preciso; levarase a cabo no departamento de orientación

salvo os días en que a orientadora teña garda de recreo, posto que debe permanecer pechado, nese caso a mediación farase no propio patio de recreo xunto á orientadora.

()Nos seguintes cursos académicos, as actividades dispostas para as semanas 1 e 2 de xaneiro, deberanse levar a cabo no mes de setembro, estendéndose a intervención dende outubro a xuño.*

11.3.ESPECIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

5.1 Fase de preparación

- Sesión 1:

- Explicación das ideas fundamentais sobre a mediación escolar.
- Entrega e recollida dos cuestionarios para futuros mediadores (Anexo b)
- Entrega e recollida das enquisas sobre a conducta (Anexo a)

- Sesión 2:

- Análise dos datos (anónimos) obtidos da enquisa sobre conducta.
- Adestramento de mediadores:
 - Actividade 1. Acordo: a orientadora propón un conflito grupal (propón dous lugares para ir de excursión, por exemplo) e o grupo debe chegar a un consenso. Posteriormente analizaranse as estratexias que permitiron acadar ese consenso.

- Actividade 2. Mediación: a orientadora establece un conflito ficticio (un empurrón, por exemplo) entre dous alumnos/as (diralles por separado e en segredo a súa actuación e terán que defender a súa postura ata o final) que representarán o seu papel ante o resto do grupo de mediadores. Cando rematen (non chegan a acordo), volverán comezar pero esta vez unha parella do grupo intervirá como mediadora seguindo o guión (Anexo f). Esta actividade levarase a cabo ata que todo o grupo pase polo rol de mediador.

5.2 Fase de implementación

- Sesión 3: O equipo de mediación irá ás aulas da escola presentándose e explicando cal é a súa tarefa como mediadores e mediadoras. Levarán un guión (Anexo c) para non esquecer nada.

Unha vez o programa é difundido polas aulas, os mediadores e mediadoras actuarán cando sexan requiridos por alumnado en conflito. Levarán, cando sexa a súa quenda, un peto amarelo ou laranxa flúor para ser identificados con rapidez.

5.3 Fase de avaliación

- Sesión 4: a orientadora fará unha reunión con todos os mediadores e mediadoras onde levará unha estatística das mediacións levadas a cabo durante o curso para analizar os datos finais e facer unha proposta de mellora. Os mediadores/as cubrirán o cadro de autoavaliación (Anexo d) e entre todos completarase o cadro correspondente á consecución de obxectivos (Anexo e).

- Sesión 5: o equipo de mediación irá presentar os datos ás aulas de 4º de primaria e contarán brevemente as súas experiencias co fin de animar ao alumnado dese nivel a presentarse voluntarios en setembro do curso seguinte.

11.4.AVALIACIÓN DO PROXECTO

Ao remate de curso, os mediadores manterán unha reunión en conxunto ca orientadora, onde se valorará a consecución de obxectivos (Anexo e) e a súa práctica como mediadores (Anexo d). Tamén haberá propostas de mellora de cara vindeiros cursos que partirán do propio equipo de

mediación.

Buscaranse alternativas para a divulgación do equipo de mediación e do seu traballo de forma que todo o alumnado saiba da súa existencia e función.

Abordarase a eficacia da mediación, debatendo no equipo se houbo reincidencias ou observaron cambios nos comportamentos durante os tempos de recreo.

12.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O seguimento farase de xeito trimestral por parte dos membros da Comisión de Convivencia Escolar posibilitando así os cambios que se consideren oportunos. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Como indicadores para a avaliación utilizaranse os seguintes:

- Grao de cumprimento e desenvolvemento das actividades programadas.
- Participación e valoración do alumnado e profesorado.
- Número e tipoloxía das incidencias rexistradas.
- Partes de intervención do programa de mediación.
- Medidas correctoras aplicadas.
- Procedementos de corrección e de prevención e tratamento do absentismo e de acoso escolar.
- Informes elevados á inspección educativa.

Terase en conta a conveniencia de preparar unha táboa valorativa ou enquisa para ser cuberta por unha mostra do alumnado e todo o profesorado que recolla o grao de satisfacción acadado na realización das actividades propostas no Plan de Convivencia ao remate do curso.

ANEXOS:

1. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR
 - a) Informe de Intervención.

2. PLAN DE MEDIACIÓN ESCOLAR
 - a) Cuestionario sobre a propia conduta.
 - b) Cuestionario previo aos posibles mediadores.
 - c) Guión para a presentación nas aulas.
 - d) Autoevaluación do equipo de mediación.
 - e) Cadro para a valoración da consecución dos obxectivos.
 - f) Guión para a sesión de mediación.
 - g) Documento para a sesión de mediación.
 - h) Información para ás familias.

3. PLAN DE CONVIVENCIA
 - a) Parte de incidencias.
 - b) Comunicación de incidencias á familia.

ANEXO 1: PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

Data: _____

1. Datos de identificación

| | |
|------------------------|--------------|
| ALUMNO/A ACOSADO _____ | |
| CURSO: _____ | IDADE: _____ |

2. Orixe da solicitude de intervención:

| | | |
|--------------------------------------|---------------------------------------|----------------------------------|
| Familia <input type="checkbox"/> | Alumno/a <input type="checkbox"/> | Titor/a <input type="checkbox"/> |
| Profesorado <input type="checkbox"/> | Orientador/a <input type="checkbox"/> | Outros <input type="checkbox"/> |

3. Agresores/as

| | |
|----------------------------|--------------|
| Agresor/a principal: _____ | |
| Curso: _____ | Idade: _____ |
| Agresor/a 2: _____ | |
| Curso: _____ | Idade: _____ |

3. Tipo de acoso:

| |
|--|
| <input type="checkbox"/> Exclusión e marxinação social |
| <input type="checkbox"/> Agresión verbal |
| <input type="checkbox"/> Agresión física |
| <input type="checkbox"/> Intimidación/Ameaza/chantaxe |
| <input type="checkbox"/> Acoso sexual |

4. Espacios onde se produce o acoso

| |
|--|
| |
|--|

5. Feitos observados.

Breve descripción da conducta observada por parte de:

| |
|------------------|
| Titor/ra: |
| Equipo de Nivel: |
| Orientador/a: |

6. Análise da información:

| |
|------------------------------------|
| Asistentes: |
| Breve descripción das conclusións: |

7. Medidas a tomar:

| |
|------------------------|
| Co alumnado implicado: |
| Co grupo: |
| Coas familias : |

Cambre,

Asdo: Xefe de Estudios

Asdo: A Directora

Asdo: Titor/ra

Asdo: Orientador/ra

ANEXO 2: PLAN DE MEDIACIÓN ESCOLAR

a. Cuestionario sobre a propia conducta

| Este cuestionario é anónimo, NON poñas o teu nome! | | | | | | |
|---|-----------------------------|-----|----------|--------------------|-----|----------|
| A continuación, imos reflexionar sobre o que facemos nós e sobre o que nos fan a nós: | | | | | | |
| | Fágoo a outra persoa | | | Fanmo a min | | |
| | SÍ | NON | Ás Veces | SÍ | NON | Ás Veces |
| Insultar | | | | | | |
| Poñer motes | | | | | | |
| Falar mal | | | | | | |
| Ignorar | | | | | | |
| Non deixar participar | | | | | | |
| Ameazar | | | | | | |
| Pegar | | | | | | |
| Roubar | | | | | | |
| Empurrar | | | | | | |
| Romper cousas | | | | | | |
| Coller cousas sen permiso | | | | | | |
| Obrigar a facer algo | | | | | | |
| Rirse | | | | | | |
| Esconder cousas | | | | | | |
| Illar | | | | | | |
| Non deixar pasar | | | | | | |
| Encerrar nalgues | | | | | | |
| Faltar ao respecto por raza, xénero ou cultura. | | | | | | |
| Facer a cambadela | | | | | | |

b. Cuestionario previo aos posibles mediadores

| |
|---|
| Nome e apelidos: |
| 1. Por que che gustaría ser parte do equipo de mediación? |
| |
| 2. Hai alumnos ou alumnas cos que te leves mal? Por que? |
| |
| 3. O que se fala durante a mediación é segredo, por que cres que é así? |
| |
| 4. Hai amigos/as que poderían presionarte para saber qué pasou durante a mediación, que farías ao respecto? |
| |
| 5. Se es mediador ou mediadora pode ser que esteas xogando no patio e teñas que parar para atender un conflito, estás disposto a iso? |
| |
| 6. Ser mediador/a quere dicir que serás un modelo de comportamento para o resto da escola, como cres que o farás? Como che fai sentir iso? |
| |
| 7. Nomea a outros tres compañeiros/as que consideres que poden ser bos mediadores/as. (Nome e curso) |
| |
| <i>Grazas pola túa participación.</i> |

c. Guión para a presentación nas aulas

Ola!

Somos o equipo de mediación da escola, eu son _____ e estes son os meus compañeiros (*cada quen dirá o seu nome*).

Nós somos mediadores e verédesnos durante os recreos con estes petos.

Sabedes o que facemos? Somos "BUSCADORES DE SOLUCIÓN" así que se cando estades no patio tedes algún problema con alguén, podedes buscarnos e pedirnos axuda.

Iremos a unha aula para estar máis tranquilos e poder falar e todo o que digades será segredo.

Axudarémosvos a chegar a un acordo e a evitar que volva suceder.

Así que xa sabedes, se tedes calquer problema, buscádenos nos patios! Aínda que nos vexades xogando, se estamos con este peto, axudarémosvos.

Grazas pola atención!

Ata logo!

d. Autoavaliación do equipo de mediación

| | | | | | |
|--|------------------------------------|-------------------------------------|-------------------------------------|---|---|
| A continuación propoñémosche unha serie de preguntas sobre a túa función de mediador ou mediadora: | | | | | |
| Número de mediacións realizadas: | | | | | |
| <input type="checkbox"/> Menos de 5 | <input type="checkbox"/> Máis de 5 | <input type="checkbox"/> Máis de 10 | <input type="checkbox"/> Máis de 20 | | |
| Resultados obtidos: | | | | | |
| Na maioría chegouse a acordo. | | | Na maioría non se chegou a acordo. | | |
| Valoración da experiencia: | | | | | |
| <i>Valora do 1 (mal) ao 5 (moi ben) os seguintes aspectos das mediacións levadas a cabo.</i> | | | | | |
| Estás satisfeito/a ca túa experiencia na mediación? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Sentícheste seguro/a no teu papel como mediador/a? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Estás satisfeito/a ca formación en mediación? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Foi positiva a experiencia en mediación? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Lograche poñerte no lugar dos compañeiros/as implicados? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Lograche despertar confianza nos compañeiros/as? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Entendícheste ben cos teus compañeiros/as de mediación? | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Aspectos positivos que queiras destacar: | | | | | |
| | | | | | |
| Aspectos negativos que queiras destacar: | | | | | |
| | | | | | |
| Propostas ou suxerencias de mellora para os vindeiros anos: | | | | | |
| | | | | | |

e. Cadro para a valoración da consecución dos obxectivos

| OBXECTIVOS | GRADO DE CONSECUCIÓN: Acadado / Non Acadado/En Proceso | | | OBSERVACIÓNS |
|--|---|----|----|--------------|
| | A | NA | EP | |
| Dar a coñecer ao alumnado a mediación como ferramenta para a resolución de conflitos. | | | | |
| Contribuir á mellora do clima de convivencia no centro. | | | | |
| Sensibilizar sobre o uso de estratexias dialogantes. | | | | |
| Promover a solución pacífica de conflitos. | | | | |
| Promover a responsabilidade ante os conflitos. | | | | |
| Desenvolver a capacidade de resolución de conflitos de forma non violenta. | | | | |
| Axudar a recoñecer e valorar os sentimentos, intereses, necesidades e valores propios e dos outros | | | | |
| Favorecer a autorregulación a través da procura de solucións autónomas e negociadas | | | | |

f. Guión para a sesión de mediación

| |
|---|
| <p>PRESENTACIÓN do equipo de mediación</p> <p>Ola! Eu son _____ e eu son _____, somos parte do equipo de mediación da escola e hoxe estamos nós de garda.</p> <p>Cómo vos chamades? De qué curso sodes?</p> |
| <p>REGRAS antes de comezar</p> <p>vos explicarvos cales son as normas para comezar a mediación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non vos podedes interromper, nós diremos quen comeza e cando lle toca ao outro. - Non están permitidos os insultos, as ameazas, as intimidacións, utilizar motes ou calquer outra palabra ou xesto de menosprezo. - Non se consentirán agresións físicas ou verbáis. - Todo o que se fale será confidencial e non deberá saír daqui. - Tedes que estar dispostos/as a chegar a un acordo. <p>Entendedes as normas? Se nalgún momento as incumprides acabárase a mediación.</p> |
| <p>O PAPEL do mediador/a</p> <p>Agora imos explicarvos o que podedes esperar de nós:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non somos xuíces. - Non temos favoritos. - Non vos imos dicir que facer. - Queremos que chegedes a un acordo. - Non imos valorar se está ben ou mal. - Se o precisades podemos facer algunha sesión individual con algún de vós. |
| <p>Definir o PROBLEMA</p> <p><i>[Eliximos quen será a primeira persoa en falar -(P1)- e logo imos intercalando ca/s outra/s persoas implicadas -(Px)-]</i></p> <p>(P1) Podes contarnos que sucedeu?</p> <p>(Px) Ti podes aclararnos algo máis? Queres engadir algo?</p> <p>(P1) Cómo te sentiche nese momento? E agora?</p> <p>(Px) E ti? Como te sintes ao respecto?</p> <p><i>[Unha vez teñamos claro qué sucedeu, anotáremolo de forma resumida no apartado correspondente da folla da sesión].</i></p> |

| |
|--|
| Buscar a SOLUCIÓN |
| (P1) Como pensas que podes solucionar isto? |
| (Px) Ti como cres que se pode solucionar isto? |
| (P1) Que podes facer ti para que non volva suceder? |
| (Px) E ti que podes cambiar? |
| <i>[Se algunha das partes propón un cambio noutra persoa, preguntáraselle á esa persoa se "estaría disposto a facer ese cambio" para chegar a un acordo]</i> |
| Chegar a ACORDO |
| (P1) Estás dacordo con esa solución? |
| (Px) Ti estás dacordo con iso? Consideras que así se soluciona o problema? |
| <i>[Se están dacordo, anotámolo na folla da sesión, asinan e despedímonos]</i> |
| <i>[Se non están dacordo, pediráselles que ofrezan unha solución que lles guste]</i> |
| DESPEDIDA |
| <i>[Comprobamos que non nos falta ningún dato na folla de sesión e que está asinada]</i> |
| Moitas grazas por realizar o esforzo para solucionar o voso conflito dunha forma pacífica. |
| Para calquera cousa que precisedes, sempre estamos á vosa disposición. |

Se durante a sesión unha das partes non deixa de interromper ou vemos que é inviable o diálogo, daráselles un aviso e se non modifican o seu comportamento daremos por rematada a sesión comunicándollo ás partes e deixando constancia na folla de sesión, que deberán firmar igualmente.

No caso de que, a pesar de tentar buscar unha solución, non chegaran a un acordo, explicaríamos o motivo no apartado correspondente da folla da sesión.

g. Documento para a sesión de mediación

| EQUIPO DE MEDIACIÓN | | CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ - CAMBRE | | |
|--|--------|--|--------|--|
| DATA: | | | | |
| MEDIADORES: | 1. | 2. | | |
| ALUMNADO IMPLICADO: | 1. | 2. | 3. | |
| | Curso: | Curso: | Curso: | |
| | 4. | 5. | 6. | |
| | Curso: | Curso: | Curso: | |
| MOTIVO: | | | | |
| ACORDO | SÍ : | | | |
| | NON : | (Motivo) | | |
| <input type="checkbox"/> Marcar aquí se é imposible o diálogo para a mediación (por interrupcións, insultos, falta de colaboración, etc) | | | | |
| SINATURAS DOS IMPLICADOS | 1. | 2. | 3. | |
| | 4. | 5. | 6. | |

h. Información ás familias

Estimadas familias,

Temos o pracer de comunicarlles que o seu fillo/a presentouse voluntario para pertencer ao equipo de mediación escolar.

A figura de mediador e mediadora é moi importante na vida diaria da escola xa que debe ser un exemplo de comportamento a seguir e axuda a compañeiros de todas as idades a arranxar os seus conflitos de forma dialogada.

A súa labor non lle fará perder clase en ningún caso, tan só pode que utilice o tempo de recreo para axudar na convivencia escolar, circunstancia que asume como proveitosa.

Animámoslles a que o/a feliciten xa que é unha mostra de empatía e de compromiso co entorno escolar e social.

De todas formas, se non están dacordo ou se teñen algunha dúbida ao respecto, poden acudir ao centro e falar ca orientadora que é a coordinadora do grupo de mediación.

Un saúdo.



ANEXO 3: PLAN DE CONVIVENCIA

PARTE DE INCIDENCIAS NA CONVIVENCIA DO CENTRO

| | | |
|-----------|--------|--------|
| MESTRE/A: | | |
| ALUMNO/A: | | |
| DATA: | GRUPO: | CURSO: |

DESCRIPCIÓN DA CONDUTA CONTRARIA ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

| | | |
|------------------------------------|--------------------------|-------|
| COMUNICACIÓN Ó TITOR OU TITORA | <input type="checkbox"/> | DATA: |
| COMUNICACIÓN Á XEFATURA DE ESTUDOS | <input type="checkbox"/> | DATA: |
| COMUNICACIÓN AOS PAIS | <input type="checkbox"/> | DATA: |

TIPIFICACIÓN DA FALTA: LEVE

MEDIDAS CORRECTORAS

Amoestación privada ou por escrito.

Comparecencia ante a persoa que ocupa a xefatura de estudos.

Realización de traballos específicos en horario lectivo.

Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias por un período de ____ día/s. (Máx. dúas semanas)

Cambio de grupo por un período de ____ día/s. (Máx. unha semana)

Suspensión do dereito de asistencia as clases de _____ por un período de ____ día/s lectivos. (Máx. tres días lectivos)

Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ____ día/s lectivos. (Máx. tres días lectivos)

En Cambre, a ____ de _____ de 20 ____.

Asdo. _____



COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS

Estimada familia:

Dirixímonos a vostedes para informalos de que se veñen observando no seu fillo/na súa filla condutas contrarias á convivencia. Ditas actuacións levan aparelladas medidas correctoras contempladas no Plan de Convivencia do Centro que xa se están aplicando. Non obstante, consideramos imprescindible a súa colaboración para desenvolvelas de xeito eficaz, polo que sería conveniente que concertasen unha cita co profesor tutor/a para tratar de aclarar estes e calquera outro aspecto que poida repercutir na mellora da conduta do seu fillo/a.

Ata entón reciban un cordial saúdo.

O EQUIPO DOCENTE.

| DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A | |
|---|--|
| NOME E APELIDOS: | CURSO: |
| INCIDENCIAS | MEDIDAS CORRECTORAS |
| <input type="checkbox"/> Agresión, inxuria ou ofensa aos compañeiros. <input type="checkbox"/> Agresión, inxuria ou ofensa ao profesorado. <input type="checkbox"/> Agresión, inxuria ou ofensa ao persoal non docente. <input type="checkbox"/> Acto de discriminación. <input type="checkbox"/> Acto de indisciplina. <input type="checkbox"/> Danos causados no centro. <input type="checkbox"/> Portar obxectos, substancias ou produtos expresamente prohibidos polas normas do centro. <input type="checkbox"/> Falta de asistencia inxustificada á clase. <input type="checkbox"/> Faltas reiteradas de puntualidade. <input type="checkbox"/> Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso. <input type="checkbox"/> Outras condutas que se tipifican nas normas de convivencia do centro: _____ _____ _____ _____ | <input type="checkbox"/> Amoestación privada. <input type="checkbox"/> Comparecencia ante a xefatura de estudos. <input type="checkbox"/> Realización de traballos específicos en horario lectivo. <input type="checkbox"/> Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúen a mellora e desenvolvemento das actividades do centro. <input type="checkbox"/> Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares por un período de _____ días. <input type="checkbox"/> Cambio de grupo por un período de _____ día/s. <input type="checkbox"/> <u>S</u> suspensión ao dereito de asistencia as clases de _____ por un período de _____ día/s lectivos. <input type="checkbox"/> Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de día/s lectivos. |

Para ter constancia da recepción desta comunicación, envíen o recibo que se adxunta no que se lle indica a data na que serán atendidos polo tutor/a.

Cambre, _____ de _____ de 20____